



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2020 12:16:01

SAIDA 16570/20



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 109/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 13 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Secretaría Xeral Técnica de Sanidade, de acceso aos arquivos informáticos que teña no seu poder a citada Consellería, en formato .csv ou calquera outro similar que recolla táboas ou series de datos, nos que veña rexistrando a evolución e a incidencia da pandemia da COVID-19 na poboación galega

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

Segundo. Con data do 21 de Outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante a Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 27 de Outubro de 2020 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo a Resolución do 13 de outubro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se resolve conceder o acceso á información solicitada mediante a remisión dun link onde se poden consultar os datos solicitados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O interesado solicitou acceso á información con data do 9 de setembro de 2020, sen obter resolución dentro do prazo dun mes que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece, polo que téndose ditado resolución expresa pola Consellería de Sanidade con data do 13 de outubro de 2020, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade acceso aos arquivos informáticos que teña no seu poder a citada Consellería, en formato .csv ou calquera outro similar que recolla táboas ou series de datos, nos que veña rexistrando a evolución e a incidencia da pandemia da COVID-19 na poboación galega

Con data do 27 de outubro de 2020, a Consellería de Sanidade remitiu Resolución da Secretaría Xeral Técnica do 13 de outubro de 2020, pola que se concede o acceso á información solicitada mediante a remisión dun link

A Consellería, aínda que fóra do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, pronunciou resolución expresa concedendo o acceso ao solicitado mediante a indicación do link no que se pode obter a información. A través do link enviado, púdose comprobar pola secretaria desta Comisión que se accede aos datos solicitados, polo que se cumpre co establecido no artigo 22.3 da Lei 19/2013 e co criterio interpretativo 9/2015, do Consello de Transparencia e Bo Goberno respecto da formalización do acceso.

Procede en consecuencia, estimar a reclamación por motivos formais.

Debe lembrarse á Consellería de Sanidade a súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 e a consideración do seu incumprimento reiterado como infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 13 de outubro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Secretaría Xeral Técnica de Sanidade, de acceso aos arquivos informáticos

que teña no seu poder a citada Consellería, en formato .csv ou calquera outro similar que recolla táboas ou series de datos, nos que veña rexistrando a evolución e a incidencia da pandemia da COVID-19 na poboación galega.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:40:19 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.